



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPTE: 461/2024

DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL, DE UN/HA DIRECTOR/A, UN ADMINISTRADOR/A, UN MONITOR/A DE XARDINERÍA, UN MONITOR/A DE ALBANELERÍA E UN MONITOR/A DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO SERRA DE FARO IX.

D. Manuel Diéguez Carballo, Alcalde por delegación (Decreto 1094-2024) do Concello de Chantada en uso das suas atribucións legalmente conferidas.

*“Vistas as solicitudes presentadas para participar na convocatoria de selección, de un/ha director/a, un/ha administrador/a, un monitor/a de xardinería, un monitor/a de albanelería e un monitor/a de atención sociosanitaria, cuxas bases foron publicadas na páxina web municipal, Taboleiro de Edictos do Concello e Sede electrónica.”*

De conformidade coas bases aprobadas xunto coa convocatoria por Resolución da Alcaldía, de data 14/11/2024 e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en cada unha das categorías que se indican:

### ADMITIDOS/AS:

| DIRECTOR/A              |          |              |
|-------------------------|----------|--------------|
| Apelidos, nome          | DNI      | Observacións |
| Gómez Castillo, Araceli | ***465-W |              |

| ADMINISTRADOR/A         |          |              |
|-------------------------|----------|--------------|
| Apelidos, nome          | DNI      | Observacións |
| Jorge Cao, María Jesus  | ***891-D |              |
| Rodríguez Matanza, Rosa | ***721-K |              |

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





## CONCELLO DE CHANTADA

| MONITOR/A XARDINERIA         |          |              |
|------------------------------|----------|--------------|
| Apelidos, nome               | DNI      | Observacións |
| Jimenez Quintas, Lois Miguel | ***666-J |              |

| MONITOR/A ALBENELERIA      |          |              |
|----------------------------|----------|--------------|
| Apelidos, nome             | DNI      | Observacións |
| Riveiro López, José Manuel | ***839-H |              |

| MONITOR/A ATENCION SOCIO SANITARIA |          |              |
|------------------------------------|----------|--------------|
| Apelidos, nome                     | DNI      | Observacións |
| Carid Peña, María Reyes            | ***369-J |              |
| Medina Fernández, Laura            | ***308-M |              |

### EXCLUIDOS/AS:

| DIRECTOR/A              |          |   |
|-------------------------|----------|---|
| Apelidos, nome          | DNI      | Observacións  |
| Medina Fernández, Laura | ***308-M | Base específica CUARTA: requisito dos aspirantes. TITULACION. |

| ADMINISTRADOR/A                 |          |   |
|---------------------------------|----------|---|
| Apelidos, nome                  | DNI      | Observacións  |
| Fernández González, Juan Carlos | ***580-R | Base específica SEXTA: convocatoria pública. FORA DE PRAZO. |

**SEGUNDO.**- Publicar a referida lista no Taboleiro de Edictos da Corporación, e páxina web municipal:

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





## CONCELLO DE CHANTADA

concellodechantada.org, concedéndose un prazo de dous días hábiles a efectos de que polos interesados/as se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión (non para achegar méritos novos non alegados ata entón), de acordo coas bases da convocatoria, computados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web don Concello.

Transcorrido devandito prazo non se admitirá ningún tipo de reclamación ou rectificación.

Contra este acto administrativo, por ser de trámite, non cabe recurso algún, aínda que os interesados poderán alegar a súa oposición ao mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

**TERCEIRO.-** Designar en base aos puntos que se expoñen a continuación o Grupo de Traballo que se encargará de seleccionar o persoal do OBRADORIO DUAL DE EMPREGO “SERRA DO FARO IX” .

Vista a Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (Procedemento TR353A) publicada no DOG nº 38 do 22 de febreiro de 2024.

Visto o artigo 10 da citada Orde, que sinala que a selección do alumnado-traballador, así como a do persoal formador, directivo, e de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Vista a Resolución de 19 de agosto de 2024, do Departamento Territorial de Lugo, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se concede a subvención para o **obradoiro dual de emprego “Serra do Faro IX”**, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada. O proxecto formativo consta de tres Certificados de profesionalidade, con 20 alumnos/as traballadores/as en total, co seguinte desglose:

- EOCB0209: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1, con 7 alumnos-traballadores.
- AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2, con 7 alumnos-traballadores.
- SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2, con 6 alumnos-traballadores.

Vista a necesidade urxente de proceder ao nomeamento do Grupo de Traballo que procederá á selección do persoal que se relaciona a continuación, para o Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro IX” :

- 7 alumnos/as traballadores/as, para a especialidade EOCB0209
- 7 alumnos/as traballadores/as, para a especialidade AGAO0208
- 6 alumnos/as traballadores/as, para a especialidade SSCS0208
- 1 Director/a do obradoiro
- 1 Monitor/a de albanelaría
- 1 Monitor/a de xardinaría
- 1 Monitor/a de Atención Sociosanitaria en Institucións Sociais
- 1 Administrador/a

Vistos os antecedentes e demais normativa de aplicación, esta Alcaldía **ACORDA:**

Nomear o Grupo de Traballo, conformado polos/as seguintes:

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





## CONCELLO DE CHANTADA

**- Presidente: D. Jesús Sánchez Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Carballedo.**

Suplente do presidente: D<sup>a</sup>. Silvia Vázquez Crespo, Axente TIC do Concello de Carballedo.

**- Vogal 1: D<sup>a</sup>. Lorena Lorenzo Deus, Administrativa do Concello de Carballedo.**

Suplente vogal 1: D<sup>a</sup>. Estefanía López Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Carballedo.

**- Vogal 2: D<sup>a</sup>. María Sonia Moure Alonso, Orientadora Laboral do Concello de Carballedo.**

Suplente vogal 2: D<sup>a</sup>. Raquel Vázquez Pérez, Educadora Familiar do Concello de Carballedo.

**- Secretario: D. Ramón Couso González, funcionario capataz de obras e servizos do Concello de Carballedo.**

Suplente do Secretario: D<sup>a</sup>. Beatriz Rey Oliveira, Traballadora Social do Concello de Carballedo.

**CUARTO.-** O Grupo de Traballo está formado por 4 persoas. Quedará validamente constituído sempre que asistan ás sesións que se celebren tres dos seus compoñentes. Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do Grupo de Traballo, algún dos seus membros non puidera asistir, será substituído por un dos suplentes designados ao efecto.

**QUINTO.-** As decisións do Grupo de Traballo adoptaranse por unanimidade e, se isto non é posible, por maioría simple de votos. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade. En todo caso, para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, seguiranse os criterios que sinala a Instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego. Se o Grupo de Traballo o considera oportuno, poderá requirir o asesoramento técnico que necesite na corrección e valoración das probas de selección que se leven a cabo.

**SEXTO.-** O Grupo de Traballo resolverá as incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, no prazo de 2 días hábiles, a contar desde a exposición na páxina web do Concello de Chantada e no taboleiro de anuncios do Concello de Chantada, da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas.

**SETIMO.-** Dar traslado desta resolución o Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Oficina de Emprego de Chantada, e aos concellos de Taboada e Carballedo, aos efectos oportunos.

**OITAVO.-** Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno do Concello de Chantada, na seguinte sesión que se celebre.

**SEXTO.-** *“Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos para partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer recuso contencioso-administrativo ata que sexa resolta expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso interposto”.*

**SETIMO.-** Publicar esta resolución no Taboleiro de edictos, páxina web municipal e comunicala os membros do tribunal.

O que se fai público para o seu coñecemento e conseguintes efectos, en Chantada, a data da sinatura electrónica.

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





## CONCELLO DE CHANTADA

---

O Alcalde,  
Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.

O Secretario.  
Fernando Torre Comesaña

---

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org

Cod. Validación: 56FKNSHEJPMM2JF76ZM9XYZD  
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

